

A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 31 de outubro de 2024, a vista da solicitude formulada pola Comisión de Farmacia e Terapéutica da Área Sanitaria de Vigo **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do medicamento considerado de alto impacto, sanitario, social e económico **RITLECITINIB**, así como a actualización do ditame do tratamento con inhibidores JAK na alopecia areata. Por tanto quedan incluídos na guía farmacoterapéutica os medicamentos:

BARICITINIB / RITLECITINIB

na indicación de tratamento de pacientes con alopecia areata e perda de pelo dunha extensión maior ou igual ao 50 % do coiro cabeludo, cun episodio actual de máis de 6 meses, tras uso de corticoesteroides orais sistémicos en monoterapia ou en combinación con inmunosupresores, ou nos casos de contraindicación a corticoesteroides, tendo en conta as seguintes consideracións:

1. Quedan excluídos os pacientes con alopecia difusa.
2. BARICITINIB está indicado en pacientes con idade ≥ 18 anos, RITLECITINIB en pacientes ≥ 12 anos
3. En xeral, e para todos os pacientes, antes do uso de calquera dos inhibidores JAKs valorarase o efecto psicolóxico da alopecia areata fronte a potenciais riscos destes tratamentos que se atopan informados na nota informativa¹ emitida pola Axencia Europea do Medicamento (EMA) sobre problemas de seguridade; por outra parte, débese ter especial atención aos riscos sinalados nas fichas técnicas de cada un dos inhibidores JAKs. En todo caso o paciente será debidamente informado dos potenciais riscos.

Outras consideracións:

- Recoméndase realizar a todos os pacientes un exame dermatolóxico periódico.
- Cando o paciente presente algún dos factores de risco mencionados na nota informativa¹ deberá reducirse a dose.
- Reavalíase a necesidade de continuar co tratamento na semana 36 nos pacientes que non mostren indicios de beneficio terapéutico.
- Non deberá iniciarse tratamento con BARICITINIB cando o episodio actual de alopecia é de máis de 8 anos e no caso de RITLECITINIB de máis de 10 anos, a non ser que se observaran episodios de re-crecemento nas zonas afectadas do coiro cabeludo nos citados últimos anos.

¹ <https://www.aemps.gob.es/informa/inhibidores-de-la-quinasa-janus-para-enfermedades-inflamatorias-cronicas-recomendaciones-para-minimizar-los-riesgos-de-reacciones-adversas-graves/>

Esta resolución e comunicada nesta data a Comisión de Farmacia e Terapéutica do seu hospital.

Alfredo José Silva Tojo
O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica

Santiago de Compostela, data e sinatura dixital

Xerentes das Áreas Sanitarias do Servizo Galego de Saúde